

Resumo de actividades 2024- 2025

CÁTEDRA CRUZ ROJA PARA A MELLORA DA CALIDADE DE
VIDA DAS PERSOAS MAIORES- USC

Dr. Arturo X. Pereiro Rozas

FACULTADE DE PSICOLOXÍA, USC |

CONTIDO

Actividades	2
35 Congreso Internacional da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría	2
65 Congreso da Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía	4
Ciclo de cinema “Envellecemento: ganancias e resiliencia”	4
Colaboración coa Cátedra fenda dixital xeracional	6
Premios.....	7
Premio Cátedra Cruz Roja USC no Festival Curtocircuíto	7
IV Edición do Premio a traballos Fin de Grao e Fin de Mestrado	8
Formación.....	10
Prácticas extracurriculares	10
Proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo	10
Curso de verán: Envellecemento: ganancias e resiliencia	12
Estudos	17
Proxecto de intervención en soidade non desexada “A boa veciñanza IV”	17
Outras actividades.....	18
Presenza en redes e medios especializados	18

ACTIVIDADES

35 CONGRESO INTERNACIONAL DA SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA

Os días 30 e 31 de maio, en Santiago de Compostela, participouse no 35 Congreso Internacional da SGXX que este ano tivo como lema e foco de traballo “Envellecemento, benestar e atención especializada”.

A participación consistiu en:

- Tarefas do persoal adscrito á Cátedra Cruz Roja USC no **Comité Organizador**.
- Organización e xestión do **simposio “Cátedra USC-Cruz Roja. Envellecemento: ganancias e resiliencia”**. O simposio estivo moderado polo director da Cátedra, Dr. Arturo X. Pereiro. O obxectivo do simposio foi abordar tres dimensións fundamentais do envellecemento desde unha perspectiva multidisciplinar, centrada na promoción do benestar, a autonomía e a dignidade nas etapas avanzadas da vida:
 - Resiliencia e preservación da autonomía en persoas maiores con discapacidade. Relator: **Dr. Feliciano Villar Posada** – Universidade de Barcelona. Nesta sesión explóranse os mecanismos de resiliencia que permiten ás persoas maiores con discapacidade manter a súa autonomía funcional e emocional. Analízanse factores individuais, sociais e contextuais que favorecen a adaptación positiva ante situacións de vulnerabilidade, así como estratexias de intervención orientadas a reforzar a capacidade de decisión e o control sobre a propia vida.
 - Envellecemento e saúde cognitiva. Relator: **Dr. David Facal Mayo** – USC. A intervención céntrase nos procesos cognitivos asociados ao envellecemento, abordando tanto os cambios esperables como as condicións que poden afectar negativamente á saúde mental na vellez. Preséntanse modelos de avaliación e promoción da saúde cognitiva, con especial atención á prevención do deterioro e ao fomento de estilos de vida activos e saudables.
 - Calidade de vida no final da vida. Relator: **Jesús Alberto Carballo Bouzas** – Coordinador EAPS-Cruz Vermella e UNED. Esta sesión reflexiona sobre os elementos que configuran unha vida digna na súa etapa final, incluíndo aspectos físicos, emocionais, sociais e espirituais. Discútese sobre modelos de atención paliativa centrados na persoa, así como ferramentas para a avaliación da calidade de vida en contextos de cuidados ao final da vida, con énfase no acompañamento, a comunicación e o respecto aos valores individuais.
- Dr. David Facal da USC e a Dra. Trini de Lorenzo, de Cruz Vermella, moderaron unha mesa de comunicacións orais, e outorgouse o **premio Cátedra Cruz Roja USC (500€)** ao traballo titulado **“Eventos vitais estresantes e soidade en persoas maiores. O papel da función familiar e as autopercepcións negativas do envellecemento.”**
 - Foi presentado por Claudia Benito Rincón (Facultade de Psicoloxía, Universidade Rey Juan Carlos), coa participación de: Luis Manuel Pérez Cardona (Facultade de Psicoloxía, Universidade Autónoma de Madrid), Laura García García, Sofía Monsalve Déniz, José Adrián Fernandes Pires, Lucía Jiménez Gonzalo e Andrés Losada Baltar (Facultade de Psicoloxía, Universidade Rey Juan Carlos) e Natalia Martín María (Facultade de Psicoloxía, Universidade Autónoma de Madrid).

- Este estudo analiza a relación entre os eventos vitais estresantes e a percepción de soidade nas persoas maiores, examinando o papel modulador da funcionalidade familiar e das crenzas negativas sobre o propio proceso de envellecemento. Os resultados contribúen a unha mellor comprensión dos factores psicosociais que inciden no benestar emocional na velez.



65 CONGRESO DA SOCIEDADE ESPAÑOLA DE XERIATRÍA E XERONTOLOXÍA

Do 18 ao 20 de xuño de 2025 celebrouse en Barcelona o 65 Congreso da Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía (SEGG) e o 28 Congreso da Sociedade Catalá de Xeriatría e Xerontoloxía (SCGiG).

Por segunda vez consecutiva, a Cátedra participou activamente neste congreso estatal, convocando, dentro das actividades do Congreso, os **premios para o estudo da calidade de vida das persoas maiores ás mellores comunicacións en formato oral e póster** presentadas ao 64 Congreso.

No acto de clausura do congreso, o Dr. Arturo X. Pereiro entregou os premios Cátedra Cruz Roja USC, que consistiron en 1 premio por valor dunha inscrición ao Congreso SEGG 2026, para o primeiro autor da mellor comunicación oral referida á temática do premio, e 1 premio por valor dunha inscrición ao Congreso SEGG 2026, para o primeiro autor da mellor comunicación póster referida á temática do premio.

O xurado estivo composto por 2 representantes da SEGG, a proposta da súa Xunta Directiva, e polo director da Cátedra, Dr. Arturo X. Pereiro.

Os traballos premiados foron:

- Mellor comunicación oral: **Evolución da calidade de vida de adultos maiores con ostomía tras cirurxía por cancro de recto/sigma**, defendido por Jaime Lozano Expósito, do Hospital Xeral Universitario Gregorio Marañón (Madrid).
- Mellor comunicación póster: **Factores psicosociais asociados á actividade sexual na idade avanzada**, traballo presentado por Juan Carlos Meléndez, da Universidade de Valencia.

[Resumo en vídeo do 65 Congreso Nacional da SEGG](#)



CICLO DE CINEMA “ENVELLECIMIENTO: GANANCIAS E RESILIENCIA”

Os días 12 e 13 de maio de 2025, realizouse na **Facultade de Psicoloxía** un evento de proxección das curtas cinematográficas que se presentaron, no marco da colaboración co **Festival Curtocircuíto**, ao **premio Cátedra Cruz Roja USC** (500€), e cuxo contido é destacable no campo do envellecemento.

O **Festival Internacional de Cinema- Curtocircuíto**, fundado no ano 2003 polo Concello de Santiago de Compostela, ten como obxectivo potenciar a creación cinematográfica e audiovisual. Curtocircuíto é un festival destacado no panorama estatal que traballa en contacto con outros festivais da súa contorna e de Europa.

Posteriormente á visualización das pezas, nas dúas xornadas, tivo lugar un **coloquio** da man de especialistas na temática xunto con creadores audiovisuais que conversarán co alumnado presente. Presentado polo director da Cátedra, foi moderado pola decana da facultade, a Dra. M. José Sampedro.

O programa foi o seguinte:

Luns, 12 de maio. Presentación institucional a cargo do Dr. Arturo X. Pereiro, director da Cátedra Cruz Roja USC e D. José Díaz, director executivo de Curtocircuíto – Festival Internacional de Cinema.

Proxección de curtametraxes:

- Luisa no está en casa (Celia Rico, 2012)
- Los desheredados (Laura Ferrés, 2017)
- Ser e Volver (Xacio Baño, 2017)

Coloquio posterior:

- Dr. Onésimo Juncos-Rabadán, Codirector da Cátedra Cruz Roja USC
- D. Xacio Baño, cineasta e autor de Ser e Voltar

Martes, 13 de maio. Presentación institucional, Dr. Arturo X. Pereiro e D. José Díaz, director executivo de Curtocircuíto – Festival Internacional de Cinema.

Proxección de curtametraxes:

- Cruz Piñón (Xisela Franco, 2019)
- It's Consuelo (Eva Min, 2024)
- Mrs Holocaust (Michalina Musielak, 2016)

Coloquio posterior:

- Dra. María José Sampedro, Decana da Facultade de Psicoloxía USC (moderadora)
- D. Jesús Silva, programador e crítico cinematográfico
- Dra. Raquel Martínez Buján, profesora titular do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, UDC

As persoas integrantes no coloquio, que formarían o xurado posterior para avaliar as curtas presentadas, foron:

- Onésimo Juncos Rabadán.
- Don Jesús Silva Vilas.
- Dra. Raquel Martínez Buján.

PREMIOS

PREMIO CÁTEDRA CRUZ ROJA USC NO FESTIVAL CURTOCIRCUÍTO

Na clausura do Festival Curtocircuíto celebrada o 7 de xuño resolveuse o premio da Cátedra Cruz Roja USC.

O premio Cátedra Cruz Roja USC recaeu na curta **“Ser e Voltar”, de Xacio Baño**. Ser e Voltar é unha curtametraxe documental que parte dunha premisa sinxela pero poderosa: o desexo do director de conservar un recorde audiovisual dos seus avós. O que comeza como un exercicio íntimo de memoria transfórmase nunha reflexión xeracional sobre o paso do tempo, a morte, a distancia emocional e cultural entre xeracións, e o valor das raíces. A través dunha narrativa que combina documental e ficción, Baño constrúe un retrato conmovedor dos seus avós, quen non comprenden do todo a súa vocación cinematográfica nin as incertezas laborais da súa xeración. Con todo, o diálogo entre eles convértese nun espello onde o cineasta se enfrenta ás súas propias dúbidas, decisións e anhelos. A película artículase en dúas partes: unha máis observacional e outra máis ficcionada, na que mesmo se ensaia a morte do avó como forma de explorar o duelo anticipado e a memoria futura.

Xacio Baño (Xove, Lugo) estudou cinema na Universidade de León. Produce, escribe e dirixe varias curtametraxes entre as que destacan Estereoscopía (2011) e Anacos (2012), presentes en numerosos festivais nacionais e internacionais como Clermont-Ferrand, New Directors/New Films MoMA, Telluride Film Festival, Mar del Plata, Festival de Las Palmas, Alcine, Festival de Málaga, Slamdance, Busan International Short Film Festival, Shnit, Aspen Shortfest, entre outros.

Ser e Volver (2014), o seu primeiro achegamento ao eido da non ficción, estreouse na 67ª edición do Festival de Locarno e recibiu recentemente o Premio Canal+ e unha Mención Especial do Xurado no 37º Festival de Clermont-Ferrand.



IV EDICIÓN DO PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO E FIN DE MESTRADO

Convocada a 4ª edición, para o curso 2024-2025, co obxectivo de premiar aqueles traballos nos que se estuden ou analicen aspectos da calidade de vida ou do benestar en persoas adultas maiores (p. ex. saúde, economía, relacións e integración social), e que se defendesen ante unha comisión de avaliación e acadaran unha cualificación mínima de 8 puntos.

Nesta convocatoria, valorouse especialmente a **implicación dos traballos na mellora da calidade de vida no ámbito da xerontoloxía**. Por este motivo, o/a autor/a elaborou un documento específico no que explicitou o marco teórico, as medidas e as conclusións que apoiaron esa relación, independentemente da disciplina de orixe (por exemplo, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, etc.).

Ademais, os traballos foron avaliados polas persoas que conformaron o xurado mediante o **sistema de avaliación por pares en dobre cego**.



4ª EDICIÓN

Alumnado de universidades públicas que defenda o seu TFG ou TFM no curso académico 2024/2025.

Traballos que aborden a calidade de vida en persoas maiores.

Premios:
300€ TFG
500€ TFM



catedracruzroja.es
catedra.cruzroja@usc.gal

Aberto á comunidade universitaria española, tras resolución definitiva, presentáronse 12 traballos. Destes traballos:

Universidade	Número de solicitudes
Universidad de Zaragoza	2
Universidade da Coruña (UDC)	1
Universidade de Santiago de Compostela (USC)	3
Universidad de Valencia	1
Universidad Autónoma de Madrid	1
Universidad Rey Juan Carlos	1
Universidad de Sevilla	1

A **comisión avaliadora** estivo formada por:

- Presidente: Dr. Arturo X. Pereiro Rozas

- Vogal: Dr. Alfredo Campos García
- Vogal: Dra. María Campos Magdaleno
- Vogal: Dr. Manuel Gandoy Crego
- Secretaria: Dra. Trinidad de Lorenzo Otero

Resoltos os premios da 4ª edición en tribunal do día 7 de novembro de 2025, as persoas premiadas foron:

- PREMIO para TFG, por importe de 300€ a: María Giner Pérez de Lucía, polo traballo “O efecto das vesículas extracelulares nos fibroblastos senescentes: unha estratexia innovadora para a cicatrización das feridas no envellecemento”, Grao en Medicina da Universidade de Valencia.
- PREMIO a TFM, por importe de 500€ a: Nazaret Fernández García, polo traballo “Coidar sen desmotivarse: programa de intervención psicoeducativa para a abordaxe de síntomas conductuais e psicolóxicos en demencias para cuidadores/as formais”. Máster en Psicogerontoloxía, USC.
- Diploma acreditativo de accésit honorífico para TFG a: Paola García Bernárdez, polo traballo “Mellora da memoria episódica inducida por TACS en persoas con deterioración cognitiva: efectos diferencia ” do Grao en Psicoloxía, USC.
- Diploma acreditativo de accésit honorífico para TFM a: Sandra Lillo González, “Síntomas psicolóxicos e conductuais en demencias: intervencións, barreiras e necesidades. Análise cualitativo do discurso de psicólogos residenciais”.

FORMACIÓN

PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

No curso académico 2024-2025, Andrea Morales López, alumna do Mestrado Interuniversitario en Psicoxerontoloxía, obtivo unha praza de prácticas cun **proxecto centrado na prevención do suicidio en persoas maiores**. Este fenómeno representa un problema de saúde pública pouco visibilizado, a pesar das elevadas taxas que presenta este grupo de idade. As estratexias actuais adoitan ser pouco sensibles ás súas necesidades específicas, polo que se evidencia a necesidade de modelos preventivos integrais e adaptados ao contexto vital das persoas maiores.

Nesta 2ª edición da convocatoria, como xa se designara no curso pasado, as prácticas corresponden a 6 horas semanais durante 3 meses e medio (3 créditos ECTS) e un importe mensual bruto de 500 euros.

O traballo desenvolvido por Andrea tivo como obxectivo sentar as bases para deseñar un programa multicompoñente de prevención do suicidio, cun enfoque biopsicosocial e fundamentado na evidencia científica. Para iso, realizouse unha revisión sistemática de programas e técnicas existentes, seguindo a metodoloxía PRISMA. A busca de estudos realizouse en bases de datos como Web of Science, Scopus e PubMed, seleccionando artigos relevantes que foron analizados en profundidade.

Os resultados amosan que os programas máis eficaces son os multicompoñentes, que integran psicoeducación, psicoterapia, redes de apoio, seguimento continuado e acceso a recursos sanitarios. Tamén se identificaron técnicas específicas como a terapia cognitivo-conductual, a terapia de aceptación e compromiso, o mindfulness, a reminiscencia e outras actividades significativas. En casos graves, mencionouse a terapia electroconvulsiva. Ademais, destacouuse o uso de tecnoloxías como ferramentas de prevención, mediante mensaxes ou seguimento telefónico.

O traballo permitiu identificar factores de risco como ser home, non ter parella, padecer enfermidades crónicas ou vivir cambios vitais como a xubilación ou institucionalización. Tamén se subliñou a importancia dos factores de protección, como o apoio social e familiar, e a necesidade de combater mitos sobre o suicidio na velez, lembrando que os intentos son menos frecuentes pero máis letais.

Finalmente, a alumna coñeceu aspectos de organización e xestión precisos para o desenvolvemento dunha Cátedra Institucional (axuda en organización de eventos e cursos de verán, coñecemento do ecosistema xerontolóxico galego, etc.).

PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN APRENDIZAXE-SERVIZO

No marco do programa formativo en actividades de innovación educativa (Aprendizaxe-Servizo, ApS) do Mestrado Interuniversitario en Psicoxerontoloxía (USC) a Cátedra Cruz Roja USC colabora na organización e desenvolvemento destas actividades que se realizan en acordo con Cruz Vermella.

Por un lado, colaboramos, por 3º ano consecutivo, na actividade **“ConVIDA: mellora da saúde cognitiva partindo da historia de vida”**, coordinada na USC pola Dra. Cristina Lojo, 1 persoa maior de 65 anos, participante en diferentes proxectos do programa de persoas maiores de Cruz Vermella en Santiago de Compostela, e 1 alumna do Mestrado puideron colaborar na realización das actividades formativas propias da actividade.

Este colaboración permite conectar o ámbito académico coa realidade profesional, ofrecendo un servizo á comunidade, e cumprindo un dos obxectivos da Cátedra Institucional:

- Promover a interacción interxeracional, favorecendo a participación social e promovendo hábitos de vida saudables.
- Levar a cabo actividades que redundarán na prevención e/ou mellora de dificultades nos ámbitos cognitivo-funcional, afectivo-emocional e psicosocial das persoas maiores.
- Posibilitar a consolidación dunha colaboración estable no tempo coa entidade.

Por outro, participouse de maneira activa no ApS “**INTERDIXITAIS’25. Competencias Dixitais Interxeracionais en Educación e Saúde**”, proxecto impulsado pola USC que ten como obxectivo principal reducir a fenda dixital entre xeracións, promovendo unha sociedade máis inclusiva tecnoloxicamente. A iniciativa busca **empoderar ás persoas maiores**, facilitando o seu acceso e uso das tecnoloxías da información e comunicación, ao tempo que fomenta o diálogo interxeracional e a aprendizaxe mutua.

Este proxecto enmárcase dentro das accións promovidas pola Cátedra Cruz Roja USC, que desde o seu inicio traballa para mellorar a calidade de vida das persoas maiores. A cátedra, recoñecida polo seu compromiso coa innovación social, xoga un papel clave na conceptualización e desenvolvemento de Interdixitais’25, aportando unha perspectiva centrada na inclusión, na participación activa e na sensibilización sobre o valor das persoas maiores na sociedade dixital.



Interdixitais’25 non só pretende ensinar habilidades tecnolóxicas, senón tamén **crear espazos de encontro e reflexión sobre o uso ético e humano da tecnoloxía**. A través de actividades formativas, obradoiros e accións comunitarias, o proxecto busca fortalecer os vínculos entre xeracións, combater o illamento social e promover unha cultura de coidado e respecto mutuo.

A Cátedra Cruz Roja USC reafirma así o seu papel como referente na promoción do envellecemento activo e na loita contra a exclusión dixital, integrando a innovación tecnolóxica con valores sociais e humanos. Interdixitais’25 é, polo tanto, unha mostra do compromiso da Cruz Vermella e da USC coa construción dunha sociedade máis xusta, conectada e consciente das necesidades das persoas maiores.

CURSO DE VERÁN: ENVELLECIMIENTO: GANANCIAS E RESILIENCIA

Por terceiro ano consecutivo, a Cátedra organizou en Lugo o seu curso de verán, esta vez baixo o título “Envellecemento: ganancias e resiliencia”, unha proposta formativa que reuniu a profesionais, investigadores, estudantes e cidadanía interesada nos retos e oportunidades do envellecemento.

O curso de verán realizouse no centro sociocultural O Vello Cárcere en Lugo os días 8 ao 11 de xullo, co apoio da Deputación de Lugo, o Concello de Lugo, quen cedeu as instalacións para a súa realización, e Cruz Vermella en Lugo.

Este curso forma parte das actividades programadas pola Cátedra froito da vontade de seguir obtendo e divulgando coñecementos, e se enmarca na Universidade de Verán USC. O seu obxectivo principal foi reflexionar sobre o envellecemento a escala global como unha realidade social heteroxénea, que se manifesta formas diversas de envellecer e coñecer propostas de mellora e/ou innovadoras na intervención xerontolóxica cos colectivos máis vulnerables dentro do grupo de persoas maiores.

Durante catro intensas xornadas, o emblemático espazo de O Vello Cárcere acolleu un programa multidisciplinar que abordou o envellecemento desde unha perspectiva positiva, centrada na resiliencia, a saúde mental, a reserva cognitiva e as relacións interxeracionais. O curso foi inaugurado polo director da Cátedra, Dr. Arturo X. Pereiro Rozas, e contou coa participación de relatores nacionais e internacionais de recoñecido prestixio, como o Dr. Yaakov Stern (Columbia University, NY).

O curso estruturouse en catro módulos temáticos:

- Reserva cognitiva: estratexias de adestramento mental e programas como Resi-TaD.
- Resiliencia emocional: intelixencia emocional e vínculos interxeracionais.
- Factores sociais e comunitarios: o papel das redes de apoio e a institucionalización.
- Ganancias do envellecemento: unha mirada aos logros vitais e a adaptación positiva.

“Envellecemento: ganancias e resiliencia” é un curso que aborda o envellecemento como un momento vital marcado por desafíos, oportunidades e logros acumulados ao longo da vida. A través de 4 módulos de aprendizaxe, explóranse tanto os desafíos como as oportunidades que xorden co avance da idade, facendo énfase en como as persoas poden desenvolver resiliencia fronte ás dificultades e aproveitar as ganancias asociadas ao envellecemento. O curso analiza factores biolóxicos, psicolóxicos e socioeconómicos que inflúen no envellecemento, destacando a importancia da saúde mental, a adaptación a cambios e o benestar xeral para unha vellez plena e satisfactoria.

Como novidade este curso académico ofreceuse unha **oferta de actividades culturais** tanto para o alumnado como para as persoas relatoras:

- Día 8: Visita al Museo Provincial – 18:00 h
- Día 9: Visita guiada a O Vello Cárcere – 18:00 h
- Día 10: Ruta guiada por la muralla – 18:00 h
- Día 11: Concierto en la Praza da Mosqueira – 20:00 h “Palabra en Tránsito” (Silvia Penas y Samuel Merino) – Versos en la Barraca 2024

Ademais, para este curso de verán acordáronse **10 prazas reservadas para alumnado na Residencia Universitaria Bal y Gay**.



O programa do curso, de **25 horas**, foi o seguinte:

1. Módulo Reserva cognitiva

9:30-10:00. Benvida e recollida de documentación

12:00-14:00 O adestramento cognitivo a través de tarefas múltiples en adultos maiores. Dra. María Campos Magdaleno (IPsiUS, Universidade de Santiago de Compostela).

12:00-14:00. Intervención con tarefas duais en residencias da terceira idade (Programa Resi-TaD): deseño de tarefas múltiples e posta en práctica. D^a. Clara Burgo Beiro (Psicóloga na Residencia para persoas maiores Mannan. Adscrita ao Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, Universidade de Santiago de Compostela).

16:00-18:00. Inauguración. Dr. Arturo X. Pereiro Rozas. Director da Cátedra Cruz Roja USC. Personalidades institucións colaboradoras .

Conferencia inaugural: Studying reserve and resilience in aging. Dr. Yaakov Stern (Taub Institute for the Research on Alzheimer's Disease and the Aging Brain. University of Columbia, NY, EEUU).

2. Módulo Resiliencia e regulación emocional en persoas maiores

10:00-12:00 Intelixencia emocional como ferramenta de adaptación e resiliencia en adultos maiores. Dra. Iraida Delhom Peris (Persoal Docente e Investigadora Universidade de Valencia. Área Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación).

12:00-14:00 Os beneficios que as relacións interxeracionais achegan ás persoas desde a infancia á idade adulta. Dra. Carme Triadó Tur (Catedrática emérita do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación Facultade de Psicoloxía, Universidade de Barcelona).

16:00-18:00 Resiliencia en persoas maiores que viven en centros residenciais: O caso do COVID. Dra. Sacramento Pinazo Hernandis (Profesora titular do Departamento de Psicoloxía Social e membro do Instituto Interuniversitario de Desenvolvemento Local da Universidade de Valencia).

3. Módulo Xeneratividade e impacto da contribución social das persoas maiores

10:00-12:00 O mellor dos dous mundos: traballo e xubilación. Dr. Carlos María Alcover De la Hera (Catedrático de Psicoloxía dos Grupos e das Organizacións da Universidade Rey Juan Carlos.).

12:00-14:00 Para a defensa dos vulnerables, non hai idade. Don José Mariano Benítez de Lugo Guillén (Avogado. Presidente Honorario de ADADE (Asociación de Avogados Demócratas por Europa), Patrón de FUNDIPAX (Iniciativas para a Paz), Medalla de Honra do Colexio de Avogados de Madrid e Premio Nacional da defensa de Dereitos Humanos 2023 da Asociación Prol Dereitos Humanos de España, APDHE).

16:00-18:00 Regulación emocional, sabedoría e intelixencia práctica en adultos maiores. Dr. José Miguel Latorre Postigo (Catedrático de Psicoloxía, Facultade de Medicina, Departamento de Psicoloxía, Instituto de Biomedicina, Universidade de Castela-A Mancha).

4. Módulo Aportacións das persoas maiores á economía

9:00-11:00 O impacto da idade no mercado de traballo e na resiliencia das empresas en España. Dr. Pablo Antonio Muñoz Gallego (Catedrático de universidade, Facultade de Economía e Empresa, Departamento de Administración e Economía da Empresa, Instituto Multidisciplinar de Empresa, Universidade de Salamanca).

11:00-13:00 Análise da contribución informal das persoas maiores á economía doméstica. Dra. María Ángeles Molina Martínez (Profesora axudante doutora. Coordinadora de prácticas externas no #Máster de Psicoloxía Xeral. Departamento da Personalidade, avaliación e tratamento psicolóxico da UNED).

13:00-14:30 Conferencia de clausura: Ganancias de envellecer e calidade de vida. Dra. Lourdes Bermejo García (Doutora en Ciencias da Educación. Diplomada en Xerontoloxía. Experta en Intervención Social Integral).

14:30-15:00 Clausura e balance do curso. Dr. Arturo X. Pereiro Rozas. Director da Cátedra Cruz Roja USC



Participaron **17 alumnos** procedentes de distintas áreas sociosanitarias, o que enriqueceu o debate e favoreceu o intercambio de experiencias entre profesionais en formación e expertos do ámbito académico e clínico.

A iniciativa tivo unha **ampla cobertura en medios de comunicación e redes sociais**, destacando o seu impacto na comunidade local e académica. Ademais, a colaboración con entidades como a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e Cruz Vermella permitiu unha maior visibilidade e alcance do evento.

Avaliouse o curso desde a perspectiva do alumnado asistente mediante cuestionario de 6 preguntas (táboa 1) medidas mediante escala Likert (1, Moi pouco de acordo a 5, Totalmente de acordo), e a opción de engadir algunha aportación para próximas temáticas de cursos xestionados pola Cátedra Cruz Roja USC, así como observacións.

Dos 17 alumnos/as matriculados/as, participaron na enquisa de avaliación propia de Cátedra Cruz Roja USC **14 persoas**.

Táboa 1. Resultados da avaliación do alumnado		
Cuestión (1; Moi pouco de acordo. 2; Pouco dacordo. 3; Neutral acordo. 4; Moderado acordo. 5; Totalmente de acordo)	Media	DT
1. Considero a organización do curso axeitada.	4,93	0,27
2. Os días e horas establecidos para as clases foron axeitados.	4,57	0,65
3. As dúbidas que comentei foron atendidas e resoltas.	4,79	0,43
4. O/a profesor/a amosou ter coñecemento suficiente sobre os contidos do curso.	4,86	0,36
5. Considero que os temas de formación plantexados poden ser útiles para o meu traballo.	4,50	0,94
6. Globalmente, a satisfacción co curso foi...	4,71	0,47

Non se sinalou por parte do alumnado ningunha temática para abordar en próximos cursos de verán.

Finalmente, aportáronse tamén diversas observacións respecto ao curso, que deixamos aquí plasmadas:

- Algún formato, sexa vídeo ou texto, que inclúa a opinión das persoas maiores, do que eles consideran que son as ganancias que conleva o envellecemento.
- Máis actividades interactivas como en tarefas duais que axudarán ao ritmo das sesións.
- Mesas de diálogo, mesas redondas.

ESTUDOS

PROXECTO DE INTERVENCIÓN EN SOIDADE NON DESEXADA “A BOA VECIÑANZA IV”

Financiado polo Concello da Coruña, a Cátedra Cruz Roja USC colaborou con Cruz Vermella en A Coruña, xa desde a 1ª edición en 2021, no proxecto de intervención en soidade non desexada “A boa veciñanza”.


O obxectivo deste proxecto de innovación social foi a atención e o seguimento ás situacións de soidade non desexada en persoas maiores en A Coruña, así como a creación de lazos de solidariedade entre veciños/as para crear un novo modelo de comunidade. A Cátedra Cruz Roja USC colabora coa Organización asesorando tanto ao equipo técnico nos instrumentos para a medición dos resultados da intervención como na posterior análise de resultados e elaboración do informe final.

Nesta 4ª edición do proxecto, revisados os instrumentos e a metodoloxía empregada, colaborouse no informe final de resultados.

OUTRAS ACTIVIDADES

Presenza en redes e medios especializados

Mantemento da web da Cátedra: blog, documentación, entrevistas etc.



17 post no blog da Cátedra en 2025.

Mantemento da páxina LinkedIn da Cátedra.

(Datos 9/11/2024 a 8/11/2025)

Datos destacados

Datos de: 9/11/2024 - 8/11/2025

15.336
Impresiones

355
Reacciones

28
Comentarios


8
Veces compartido

Datos destacados de visitantes

93 Visualizaciones de la página 52 Visitantes únicos 0 Clics en el botón personalizado

Datos de visitantes

Visualizaciones de la página Todas las páginas Todos los visitantes Todos los filtros




Ordenador 63
Móvil 30

Datos destacados de seguidores

605 Total de seguidores 65 Nuevos seguidores de los últimos 365 días


Datos de seguidores



Patrocinado 0
Orgánico 65

Indicadores


Impresiones



Orgánico 15.336
Patrocinado 0


Indicadores

Miembros alcanzados




Indicadores

Clics




Indicadores

Reacciones




Indicadores

Comentarios ▾




Indicadores

Veces compartido ▾



Indicadores

Tasa de interacción ▾



Colaboracións e difusión en medios xeralistas e especializados do sector

1. Web oficial de la Cátedra

[Sitio oficial da Cátedra Cruz Roja USC](#)

2. Premio en Curtocircuíto 2025

[Colaboración con Curtocircuíto](#)

3. Curso de Verán 2025 en Lugo

[Información na web oficial](#)

[Geriatricarea](#)

[Entremayores](#)

4. IV Premios TFG y TFM

[Convocatoria en Geriatricarea](#)

5. Proyecto Interdixitais'25

[Actualidade USC](#)

[Artigo en EntreMayores](#)

[Artigo en Geriatricaera](#)

[Entrevista ao director da Cátedra](#)

6. Participación no Congreso SEGG 2025

[Nova na web oficial](#)

7. Participación no Congreso de la SGXX 2025

[Nova na web oficial](#)